

ANEXO III
CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
ACTIVIDADE

Título: Inferencia Estadística para Datos Complejos y de Alta Dimensión: Aplicaciones en Análisis Térmico, Fiabilidad Naval, Genómica, Malherbología, Neurociencia y Oncología (MTM2011-22392)

CENTRO: Facultade de Informática

OBXECTO DO CONTRATO: Colaborar nas tarefas do proxecto de investigación que se indica.

LUGAR: Departamento de Matemáticas - Facultade de Informática

HORARIO: Mañáns de 10:00 a 14:00 horas de luns a venres

CATEGORÍA PROFESIONAL: Grupo I

XORNADA Tempo Completo:

Tempo Parcial: 20 horas semanais

DURACIÓN 7 meses

DATA APROX. DE INICIO 01.06.2014

RETRIBUCIÓN BRUTAS MENSUAIS: 784,92 €

PARTIDA ORZAMENTARIA: 61.40 210437 541A 6490200

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Título de Grao, Licenciatura ou Enxeñaría con Mestrado en Técnicas Estadísticas

EXPERIENCIA: Experiencia investigadora en análise de supervivencia con aplicacións a bases de datos procedentes de pacientes de cancro.

OUTROS REQUISITOS: Manexo de paquetes estatísticos, principalmente R.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Por correo electrónico a yparajo@udc.es

PRAZO: 10 días dende a publicación da convocatoria na páxina web da UDC

CRITERIOS E ÓRGANO DE SELECCIÓN

CRITERIOS: Valoración do currículo e posibilidade de entrevista persoal. Na páxina seguinte detállase o desglose das puntuacións dos distintos aspectos a valorar.

ORGANO: Ricardo Cao Abad (Investigador Principal do proxecto), Amalia Jácome Pumar, Juan Vilar Fernández

A Coruña, 08 de abril de 2014

O INVESTIGADOR PRINCIPAL



Asdo.: Ricardo Cao Abad

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

DATOS DO PROXECTO

Título: Inferencia Estadística para Datos Complejos y de Alta Dimensión: Aplicaciones en Análisis Térmico, Fiabilidad Naval, Genómica, Malherbología, Neurociencia y Oncología

Referencia: MTM2011-22392

Investigador Principal: Ricardo Cao Abad

DETALLES DA CONVOCATORIA

Tarefas a realizar: Colaborar nas tarefas de investigación de novos modelos de curación en análise de supervivencia con aplicacións a bases de datos procedentes de pacientes de cancro.

Xustificación da duración do contrato: Durante a duración do contrato, o candidato seleccionado centrarse na proposta de métodos non paramétricos para a predicción de modelos mixtos de curación, e a obtención das súas propiedades asintóticas. Ademais, deberanse realizar diversos estudos de simulación e aplicacións dos modelos estudados a datos reais de supervivencia de pacientes de cancro. Estas actividades correspóndense coas tarefas (c.41)-(c.46) descritas na memoria do proxecto de investigación MTM2011-22392 ao que fai referencia a presente convocatoria de contratación. En concreto, estímase que o candidato seleccionado dedicará 1 mes á proposta dos novos estimadores nonparamétricos (c.41), e ao estudo da identificabilidade do modelo (c.42), 4 meses a obtención dos principais resultados asintóticos, así como a proposta dun selector adecuado do parámetro de suavizado (c.43-c.44), e dous meses máis para a análise do comportamento práctico dos estimadores mediante estudos de simulación (c.46) e a súa aplicación a una base de datos reais de pacientes de cancro (c.45). E dicir, 7 meses en total, o que constitúe 1/4 da duración estimada para todas estas tarefas no proxecto inicial. Isto xustifica a duración de 7 meses do contrato.

Requisitos dos candidatos:

- Titulado Superior (licenciatura, grao, enxeñería ou arquitectura)
- Ter cursado previamente un mestrado de Estatística
- Experiencia investigadora en análise de supervivencia con aplicacións a bases de datos procedentes de pacientes de cancro

Criteria e valoración de méritos:

- Expediente académico da titulación superior máx. 2 puntos
(nota mínima para a súa valoración: 7,5 puntos sobre 10)
- Expediente académico de mestrado: máx. 2 puntos
- Publicacións relacionadas coas tarefas a realizar: máx. 2 puntos
- Traballos en congresos relacionados coas tarefas a realizar: máx. 1 puntos
- Asistencia a congresos e cursos relacionados co obxecto do contrato: máx. 1 puntos
- Entrevista persoal, no caso de considerarse necesario: máx. 2 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Instancia de solicitude indicando a referencia desta convocatoria que figura na publicación da web da UDC
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título e do expediente académico
- Curriculum vitae
- Xustificantes de méritos incluídos no CV

Lugar de presentación: Por correo electrónico a yparajo@udc.es

Prazo de presentación: 10 días dende a publicación da convocatoria na páxina web da UDC